

PROCEDENCIA: ARQUITECTA MUNICIPAL

DESTINO: CONTRATACIÓN

ASUNTO: INFORME DE VALORACIÓN DO SOBRE 2 DAS OFERTAS PRESENTADAS AO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN DIRECTOR E PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE DESENVOLVEMENTO DE DITO PLAN PARA ABRIR FERROL AO MAR.

Antecedentes

Con data 18 de abril de 2024 a Mesa de Contratación Permanente solicita para o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada indicado previamente a emisión de informe de valoración da proposta presentada en relación cos criterios dependentes dun xuízo de valor (Sobre 2).

Os criterios de valoración que serven de base para a elaboración do presente informe atópanse recollidos no apartado "15. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN" do ANEXO I: CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada para a contratación do servizo de redacción do PLAN DIRECTOR E PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE DESENVOLVEMENTO DE DITO PLAN PARA ABRIR FERROL AO MAR.

Ofertas presentadas.

Constan catro ofertas presentadas ao presente procedemento e que se remitiron a esta técnica para a súa valoración:

- (UTE) G.O.C., S.A. - IAGO SEARA MORALES - JUAN OROZCO CORREDOIRA
- PROYFE, S.L.
- (UTE) DÍAZ Y DÍAZ ARQUITECTOS SLP- MARÍA FANDIÑO IGLESIAS
- (UTE) EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. - VÁZQUEZ CALATAYUD ARQUITECTOS, S.L.P.

Valoración de criterios dependentes dun xuízo de valor:

(UTE) G.O.C., S.A. - IAGO SEARA MORALES - JUAN OROZCO CORREDOIRA

Así fíxase o seguinte para o **Plan Director**:

1 Estudio previo cun grao de definición mínimo que permita valorar a Calidade da análise e definición de misión, visión, valores e participación cidadana Abrir Ferrol ao mar **(ata 10 puntos)**.

1 a) Análise, planificación e cronograma estimativo da proposta (ata 5 puntos).

Principalmente céntrase na análise histórica do ámbito de Ferrol; sendo o bloque que máis ocupa con 12 páxinas. Contrasta o desequilibrio que supón a documentación achegada con respecto á descrición do seu estado actual, ámbito de actuación, diagnose urbanístico e arquitectónico aos que lle dedica 7 páxinas. Na análise DAFO indícanse as fortalezas, oportunidades, debilidades e as ameazas que permiten avaliar a situación actual da proposta. Circunscribe cunha visión totalmente xenérica os aspectos externos e internos referido ao Plan de Mobilidade Urbana Sostible de Ferrol en lugar de Abrir Ferrol ao mar. Considérase que é unha análise moi escas e sen entrar en pormenorizacións que esixen por parte deste plan; o que o converte nunha propotas nada clara e carente de información básica para poder discernir cal é a súa proposta calaramente. Nomea mais non describe nin concreta a análise nin as valoracións e plantexamento propios do PD. Consta un informe histórico de Vigo Trasancos sobre o espazo de encontro entre un sector da cidade de Ferrol e o Arsenal Militar. Non existen obxectivos de misión claros para o dito PD; tampouco indica cómo acadalos Non consta cronograma nin tampouco feedback coa poboación. Nin identifica os principais comportamento que axuden aos propósitos do proxecto.

A proposta valórase como incompleta.

Puntuación total do apartado 1 a): **2,5 puntos**

1 b) Memoria expositiva gráfica (ata 5 puntos).

Presenta unha serie de planimetría acompañada de documentación fotográfica no que se comproba que a súa proposta excede do ámbito da actuación. A zona de Curxeiras co edificio da Cortina é de titularidade de Autoridade Portuaria de Ferrol e que xa se está executando por parte de dita Administración. Do mesmo xeito prolonga a actuación na totalidade da Avenida do Mar ata o enlace coa FE-14. Ante o exposto, considérase incorrecta.

A proposta valórase como incompleta.

Puntuación total do apartado 1 b): 2,5 puntos

Puntuación total do apartado 1: 5 puntos

Para o **Proxecto básico e de execución** fíxase o seguinte:

1' Estudio previo

1' a) Calidade técnica, urbanística e arquitectónica (ata 10 puntos).

Propón a reordenación das circulacións rodadas transformando a rúa Irmandiños nunha rúa de único sentido; inverte o sentido de circulación da rúa da Igrexa e da Costa de Mella. Replantexa a rotonda da Praza de España (é de supoñer a Praza de Galicia) xa que é a que circunvala o Monumento aos caídos en África como a

rotonda da rúa Taxonera coa Avenida de Esteiro. Propón a reforma e mellora dos accesos do Arsenal Militar (zona da Alameda, rúa Taxonera). Ten en conta a accesibilidade para todas as persoas.

Libera o espazo ao redor da Peixería de Rodolfo Ucha e manifesta que estudará a forma e función dos alpendres auxiliares. O espazo entre a Peixería e a Concatedral vincúlase como unha extensión de atrio ao templo dotándoo de espazo público peonil. Fai mención a que na franxa de solo comprendida entre a Alameda e a Concatedral se converte nun espazo público realizando a demolición de todas aquelas partes de edificacións sen interese e inadecuadas ao entorno e os valores de cidade e histórico-artísticos. No entanto, non concreta cales son as partes a demoler e deixao caer como unha declaración de intencións.

Manifesta que sobre os espazos que no ámbito da cidade co Arsenal Militar poden ser obxecto de encontro, nos xardíns fronte a Sala de Armas e no fronte do Museo Naval, espazo de carácter militar pero con un evidente sentido de uso civil propón a eliminación das verxas e incorpora estes espazos ao ámbito cidadán. Indica que así se produciría un certo grado de compensación cos necesarios e xustificados avances dos terreos para o desenvolvemento da instalación naval sobre espazos urbanos históricos previos. Cuestión difícil de poder levala a cabo e que non é obxecto do presente proxecto.

Fai unha descrición da xardinería e arborado así como dos pavimentos e do mobiliario urbano.

Xustifica de forma insuficiente o apartado de planeamento urbanístico.

Valórase como incompleta a proposta.

Puntuación total do apartado 1´ a): **5 puntos**

1´ b) Características funcionais (ata 10 puntos).

Propón estudar funcionalmente os peches das áreas da Mariña do Exército de terra, Navantia e Arsenal militar reordenando a circulación rodada e mellora da seguridade vial, potenciando a mobilidade sostible; crea itinerarios peonís e accesible en todo o seu fronte e reordena as prazas de estacionamento e implanta os aparcadoiros disuasorios (algúns deles en ámbito da autoridade portuaria).

Propón un quiosco multifuncional na Alameda histórica para rehabilitar o uso cívico do espazo; non se entende dita implantación porque xa existe un edificio que pode chegar a realizar esa función.

Describe brevemente a actuación sobre o ámbito de Caranza no que elimina o zócalo existente conformando o peche mediante rexia en toda a altura.

Realiza un apartado de memoria construtiva no que vai describindo con excesiva pormenorización as unidades de obra (propio dunha fase de execución). En canto aos peches céntrase en achegar unha solución para o tramo 1 deixando unha indefinición clara da intervención sobre o restante ámbito.

A proposta valórase como incompleta.

Puntuación total do apartado 1´ b): **5 puntos**

1´ c) Accesibilidade (ata 5 puntos).

Non concreta e expón de forma excesivamente xenérica as solucións e obxectivos da súa proposta no plano da accesibilidade.

Considérase non xustificado o presente apartado.

Puntuación total do apartado 1´ c): **0 puntos**

Puntuación total do apartado 1´: 10 puntos

Puntuación total dos apartado 1 e 1´: 15 puntos

2 MEMORIA METODOLÓXICA (10 puntos)

Desglósase a puntuación nos seguintes apartados:

2 a) Descrición da metodoloxía a empregar en relación á redacción do Plan Director (máximo 5 puntos)

Baséase en 4 fases: inicio do proxecto e traballos previos, toma de datos e recollida da información, redacción do plan director, aprobación inicial e información pública. Nestas fases se describe como se van a realizar a toma de datos, a coordinación cos servizos municipais (no que non ten en conta o servizo de Urbanismo responsable do proxecto); na fase 2 de redacción contempla o estudo xeotécnico para determinar a posición do nivel freático de cara á definición do proceso construtivo do túnel dos sostementos e contención. Da análise da documentación que se presenta non se atopa por ningures obra algunha que faga necesaria a realización de dita infraestrutura. Non concreta nin xustifica o apartado de adaptación ao PXOM nin á normativa sectorial; no entanto, manifesta que a elaboración do documento deberá realizarse baixo a supervisión e seguindo as directrices establecidas polos servizos técnicos do Concello.

Achega un diagrama de Gantt que se axusta en prazo na achega do PD.

A proposta valórase como incompleta e incorrecta.

Puntuación total do apartado 2 a): **2,5 puntos**

2 b) Descrición da metodoloxía a empregar en relación á redacción do Proxecto básico e de execución (máximo 5 puntos)

Opta pola redacción dun proxecto básico no que o seu contido sea suficiente para realizar unha supervisión do mesmo e poder dar inicio a outros trámites administrativos que serán necesarios para a coordinación con outras administracións. Especifica o contido do proxecto: memoria, documentación gráfica, etc que será sometida a supervisión do responsable do contrato. Posteriormente redacta o proxecto de execución composto de memoria descritiva e anexos que en ningures se refire á accesibilidade do proposta. A continuación, somete este proxecto de execución á supervisión para integrar aquelas modificacións froito da comprobación realizada polos técnicos do Concello e presenta o documento definitivo cunha edición final. O prazo para a achega reflíctese no diagrama de Gantt. Así detéctase incongruencia no apartado do cumprimento do prazo para a achega do



proxecto básico e de execución respecto do prego; segundo o diagrama de Gantt achegado sobrepasa os 4 meses; fixa no mes 7, nos 210 días, desde o comezo dos trámites a entrega do documento do proxecto de execución en lugar dos 6 meses máximos contemplados no presente prego. Dentro deste prazo tamén inclúe as xestións do autor do proxecto así como o aseguramento da calidade. A edición do documento final realízase no mes 7 entre os días 181 e 210, o que fai que dita entrega se considera fóra de prazo.

Considérase non xustificado o presente apartado.

Puntuación total do apartado 2 b): **0 puntos**

Puntuación total do apartado 2: 2,5 puntos

**PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 2 (UTE) G.O.C., S.A. - IAGO SEARA MORALES - JUAN OROZCO
CORREDOIRA : 17,5 puntos**

PROYFE, S.L.

Así fíxase o seguinte para o **Plan Director**:

1 Estudo previo cun grao de definición mínimo que permita valorar a Calidade da análise e definición de misión, visión, valores e participación cidadana Abrir Ferrol ao mar (**ata 10 puntos**).

1 a) Análise, planificación e cronograma estimativo da proposta (ata 5 puntos).

Realiza un estudio previo para o Plan Director mencionando os barrios de Ferrol Vello, A Magdalena, Esteiro, Telleiras e Caranza; propón actuacións en 3 eixos principais. Establece as zonas de contacto dos espazos públicos da cidade dos barrios de Ferrol Vello da Magdalena coas instalacións do Arsenal Militar de Ferrol. Tamén, nos espazos públicos da cidade no barrio de Esterio coas instalacións do Arsenal e Astaleiros de Navantia. E por último nas zonas en contacto dos espazos públicos de Ensenada de Caranza co propio barrio e con Telleiras.

Marca 5 principais obxectivos das propostas que se encamiñan a rexeneración integral e imprantación dun modelo de mobilidade sostible na zona perimetral do contacto da cidade co mar. Ditos esforzos e actuacións se aliñan coa planificación e o desenvolvemento autonómico e estatal determinando un plan director coherente, cohesionado e consolidado con outras estratexias e plans. Menciona que as actuacións seguen os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) definidos polas Nacións Unidas e que marcan as estratexias de xestións de recursos, planificación e intervención das administracións.

Estrutura en 3 fases a análise e desenvolvemento do PD facendo unha análise completa e exhaustiva da situación de partida actual. Detallan enfoques específicos para facer máis efectiva e facendo mención que na

actualidade se atopa en trámite o Plan de mobilidade urbana e sostible de Ferrol. Realiza unha análise previa da situación actual incluíndo o apartado de planeamento urbanístico vixente facendo expresa mención ao PXOM vixente que clasifica o ámbito de intervención como sistema xeral viario en calzada e ás marxes como zonas verdes o espazos libres públicos. Así mesmo, fai referencia ao ámbito de protección de Ferrol Vello facendo mención aos elementos catalogados que gozan de protección. Noutros condicionantes fai mención ao BIC Ferrol Vello, BIC do Arsenal , BIC do barrio da Magdalena e ao Trazado Inglés do Camiño de Santiago. Menciona os condicionantes derivados das instalacións militares do Arsenal e Astaleiros no que se refire a peches perimetrais e zonas de acceso; os derivados da proximidade de costa na zona de Caranza; as infraestruturas existentes (por Irmandiños e Avenida de Esteiro discorre o colector xeral da cidade); apunta deterioros e defectos habituais en canto aos firmes e pavimentos existentes de forma detallada.

Sinala os principios focos de actividade e equipamentos do ámbito e da súa relación coa cidade; son elementos de cosido a ter en conta na intervención. Fai referencia ao tráfico e a mobilidade achegando propostas dos principais eixos de itinerios peonís e ciclistas. Identifican as zonas de Ferrol Vello, Magdalena, Esteiro e Caranza coas máis deficitarias de aparcadoiros e cuantifican un deficiten máis de 800 prazas. Describen a rede actual de bicicletas que circulan por Avenida de Esteiro, Avenida do Mar e Paseo da Malata engadindo que se topa en execución o proxecto de humanización das Pías no que incluírá un carril bici paralelo á FE-14; tamén mencionan as obras da Autoridade Portuaria entre a Malata e o Baluarte de San Xoán. Levarán a cabo unha análise DAFO con preguntas clave para o entorno e dan resposta cunha matriz DAFO que proporciona unha visión integral.

Formulan 2 liñas estratéxicas, denominadas Cidade aberta ao mar e Cidade conectada ao mar, identificando os obxectivos respectivos. Presentan un cronograma acertado e estiman un horizonte temporal programado desde o ano 2024 ata o 2027 para a execución de todo o programa. Inclúe unha memoria expositiva con fichas nas que se describen detalladamente os obxectivos e propósitos de cada apartado que compón cada unha das 2 liñas estratéxicas de actuación.

Acouta claramente os obxectivos, describe e detalla a proposta de forma correcta. Axústase ao ámbito do prego; Realiza unha proposta totalmente axeitada por tempos e fases para o desenvolvemento do dito plan. Contempla as afeccións e o planeamento en vigor e presenta un estudio da realidade actual de forma rigorosa que da lugar a unha proposta acertada.

Xustifica o apartado de forma correcta e completa.

Puntuación total do apartado 1 a): **5 puntos**

1 b) Memoria expositiva gráfica (ata 5 puntos).

Para complementar o entendemento da proposta achega planos das afeccións do PBA, dos condicionantes no contacto cos diferentes barrios do ámbito (Ferrol Vello, Magdalena, Esteiro, Telleiras, Caranza). Achega fotografías da análise en detalle realizada e sinala o lugar cos puntos relevantes das actuacións. Engade plano de condicionantes sectoriais e o PXOM vixente cunha descrición pormenorizada do ámbito; tamén o plano de

xeradores de viaxes e liñas de actuación no que grafía a proposta das 2 liñas estratéxicas e dos 3 tramos do ámbito de actuación en congruencia co prego.

Así, presenta un plan xeral de actuacións. Cuantifica claramente a dotación dos aparcamentos. Tamén define as barreiras visuais e arquitectónicas. Consta dunha memoria gráfica completamente definida e congruente cos obxectivos e liña estratéxicas de actuación definidas previamente.

Enténdense que tanto a memoria expositiva como a documentación gráfica define perfectamente a proposta do licitador.

Xustifica o apartado de forma correcta e completa.

Puntuación total do apartado 1 b): **5 puntos**

Puntuación total do apartado 1: 10 puntos

Para o **Proxecto básico e de execución** fíxase o seguinte:

1´ Estudo previo

1´ a) Calidade técnica, urbanística e arquitectónica (ata 10 puntos).

O PBE (Proxecto Básico e de Execución) da continuidade a idea proposta no PD e define as actuacións de rexeneración urbana no ámbito dos barrios de Ferrol Vello, A Magdalena, Esteiro, Telleiras e Caranza. Cuantifica en lonxitude a zona global de actuación e fixa como obxectivo principal a rexeneración integral e a implantación dun modelo de mobilidade sostible na zona perimetral en contacto da cidade co mar: reordena a circulación rodada, potencia a mobilidade sostible, crea itinerarios e espazos peonís accesibles, reordena as prazas de estacionamento e proxecta aparcamentos disuasorios; todo isto conforme coa integración estética paisaxística como oportunidade de engadir infraestrutura verde á cidade.

Realiza unha análise previa do estado actual do ámbito de forma exhaustiva coa achega de elementos gráficos especificando as infraestruturas preexistentes próximas ao entorno do traballo coa descrición por tramos. Realiza unha análise morfolóxica e urbanística do ámbito da intervención. Acouta o ámbito fixado no prego con mención especial aos plan especiais dos barrios de Magdalena e de Ferrol Vello (manifestando que este non é de aplicación por sentenza xudicial). Ten en todo momento en conta o cumprimento do planeamento en vigor (xeral e especial) facendo referencia de maneira inequívoca ás afeccións sectoriais (Patrimonio Cultural, Defensa, Costas). Resultado da consulta realizada no Plan Básico Autonómico.

Realiza unha análise de viabilidade rodada peonil e ciclista distinguindo a rede peonil, a rede viaria e o aparcamento. É de destacar que contabiliza as prazas existentes actualmente e por tramos en canto ao ámbito de actuación con respecto á dotación de aparcadoiro.

Describe o estado actual da superficie do ámbito achegando imaxes da disparidade de acabados, dos espazos infrautilizados e das barreiras arquitectónicas e sendeiros e espazos sen acondicionar. Fai unha descrición das infraestruturas existentes nos 3 tramos indicados.

Dita análise busca resposta á situación actual; como resultado desa análise se intervén atendendo aos criterios debidamente especificados: percorridos continuos, traxectos seguros, espazos accesibles e confortables e percorridos atractivos, propoñendo solucións no PBE que se refiren á calidade da urbanización e aos percorridos. Describe en detalle a intervención por tramos incluíndo as características funcionais as estéticas e de integración paisaxística, a accesibilidade e as actuacións que propoñen.

Ofrece unha resposta con evidente calidade urbanística e arquitectónica e da unha solución á integración paisaxística e de oportunidade de maior dotación da infraestrutura verde conectada coa que conta a cidade.

Diferencia as especies vexetais como oportunidade para crear alcorques vivos, “céspedes” sostibles e contempla a infraestrutura verde como elemento vivo e cambiante coas diferentes estacións.

Presenta idea de conxunto tanto en materiais como na proposta arquitectónica dando cumprimento a proposta co establecido co PXOM e co PEPR.

Xustifica o apartado de forma correcta e completa.

Puntuación total do apartado 1´ a): **10 puntos**

1´ b) Características funcionais (ata 10 puntos).

A resposta do licitador cingúise estritamente ao ámbito do prego. Sinala a resposta de actuacións diferenciando en 3 tramos. Achega seccións gráficas, actividades, mobiliario urbano e especies vexetais a implantar para expoñer con maior claridade a súa proposta. Especifica reordenacións no acceso ao Arsenal fronte á Praza Vella e nas inmediacións da Praza de Galicia, así como na Avenida de Esteiro (tramo 1). No tramo 2 reordena o acceso ao Asteleiro, o acceso ao Campus Universitario de Esteiro e o acceso ao Tercio Norte; aproveita dita intervención para dotar de 215 prazas de estacionamento e 8 para mobilidade reducida. No tramo 3 propón unha dotación de 75 prazas ordinarias e 3 adaptadas. É a única proposta que cuantifica a dotacións de prazas de aparcamentos e incluso diferencia as de mobilidade reducida. Nos 3 tramos delimita claramente o ámbito da intervención, sinala onde se procede á eliminación das barreiras visuais, cal é o itinerario existente, e distingue con cores as zonas peonís, o carril bici, o tráfico rodado as áreas axardinadas, os accesos ao Asteleiro e Arsenal e presenta un cosido transversal nos puntos de confluencia con outras áreas.

Xustifica o apartado de forma correcta e completa.

Puntuación total do apartado 1´ b): **10 puntos**

1´ c) Accesibilidade (ata 5 puntos).

En todo momento na proposta está contemplada a accesibilidade universal. Coa reordenación da sección transversal do vial e da eliminación de barreiras de accesibilidade resolve a conectividade coa trama urbana existente acondicionando os accesos transversais cara aos barrios e equipamentos existentes facendos

accesibles para peóns e bicicletas. Fomenta o percorrido lineal e movemento fluído cara ao mar. En cada un dos tramos faise referencia ao capítulo de accesibilidade. Trátase dunha proposta integradora e acada o obxectivo de espazos accesibles conseguindo o obxectivo da accesibilidade universal.

Xustifica o apartado de forma correcta e completa.

Puntuación total do apartado 1' c): **5 puntos**

Puntuación total do apartado 1' : 25 puntos

Puntuación total dos apartado 1 e 1' : 35 puntos

2 MEMORIA METODOLÓXICA (10 puntos)

Detállase a puntuación nos seguintes apartados:

2a) Descrición da metodoloxía a empregar en relación á redacción do Plan Director (máximo 5 puntos)

Identifica cal é a metodoloxía para o desenvolvemento do PD desagregado por apartados a súa intervención.

Os apartados principais son: recollida de datos, recompilación de información e necesidade dos usuarios, comunicacións con organizacións afectadas, sistema de coordinación cos servizos técnicos municipais, fases de desenvolvemento do PD, análise e presentación e avance do plan, comunicación á cidadanía, incidencia da normativa sectorial, e outros aspectos relevantes. Dentro de cada un deste apartados detalla as estratexias e enfoques específicos para levar a acabo o proceso.

Considérase totalmente desenvolvido o presente apartado e definido de forma ordenada e axeitada para o PD.

Puntuación total do apartado 2 a): **5 puntos**

2 b) Descrición da metodoloxía a empregar en relación á redacción do Proxecto básico e de execución (máximo 5 puntos)

Describe como vai ser a xestión integral do proxecto dividindo en subapartados; así como os traballos previos á redacción do proxecto, as reunións coas administracións e empresas concesionarias, a elaboración do proxecto básico de execución e as reunións de coordinación cos servizos técnicos.

Desglosa perfectamente cada un deles en diferentes subapartados que axudan a entender o desenvolvemento correcto do futuro PBE.

Considérase que da cumprimento de forma completa o descrito no presente apartado de valoración.

Puntuación total do apartado 2 b): **5 puntos**

Puntuación total do apartado 2: 10 puntos

PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 2 PROYFE, S.L. : 45 puntos

(UTE) DÍAZ Y DÍAZ ARQUITECTOS SLP- MARÍA FANDIÑO IGLESIAS

Así fíxase o seguinte para o **Plan Director**:

1 Estudio previo cun grao de definición mínimo que permita valorar a Calidade da análise e definición de misión, visión, valores e participación cidadana Abrir Ferrol ao mar (**ata 10 puntos**).

1 a) Análise, planificación e cronograma estimativo da proposta (ata 5 puntos).

Presenta unha análise DAFO que sinala os feitos urbanos e sociais que poden verse afectados pola relación entre a cidade e o mar tanto no presente como como no futuro. Plantexa o PD (Plan Director) como un instrumento de estratexias e de traballo executivo que sirva de guía para as futuras intervencións de mellora urbana en Ferrol. Segue os principios de Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado EDUSI e os da Axenda Urbana 2030. Establece 3 sectores diferenciados e especifica que o PD conta con 5 obxectivos que coinciden cos indicados no prego. Describe os obxectivos promenorizadamente para a proposta presentada desglosados nos 5 obxectivos indicados. Fixa unha planificación por fases o PD. Fase I análise e diagnose, Fase II Proxecto estratéxico, Fase III Plan de acción, Fase IV Plan de seguimento e monitorización, Fase V Consultla pública e Fase VI Documento refundido.

Realiza un cronograma estimativo das fases de traballo tanto para o PD como para o PBE como para os 3 tramos especificados nas fases de obra. Presenta cronograma en diagrama de Gantt nas etapas diferenciadas por meses para a redacción dos documentos (etapa de diseño) e tamén unha previsión para a fases de execución da obra (etapa de construción). Propón realizar unha comunicación transparente e accesible, realizar consultas e enquisas, talleres participativos, promover a sensibilización e educación do entorno marítimo, historia e cultura marítima de Ferrol así como o tema da seguridade vial. Pretende ter en conta o feedback da comunidade no deseño, implementación e a avaliación do proxecto. Facilitaría a colaboración entre cidadáns, empresas locais, ONG, institucións educativas e autoridades gubernamentais. Pretende garantir que o proceso de toma de decisións sexa transparente e esta aberto ao escrutinio público e manifesta que van a recoñecer e respectar a diversidade de opinións dentro da comunidade. Todo isto exposto dunha forma sinxela e esquemática como declaración de intencións.

A proposta enténdense como correcta e completa.

Puntuación total do apartado 1 a): **5 puntos**

1 b) Memoria expositiva gráfica (ata 5 puntos).

Neste apartado propón devolver a cidade aos cidadáns entendo como tales aos peóns, etc. Pretende entrelazar a fachada ao mar respondendo aos diferentes reclamos da cidade por medio dun sistema flexible e que se

adapte segundo a situación actual o requira. Identifica as potencialidades ocultas na trama urbana especificando que non inventa novos espazos senón que lee coa intención os matices dos espazos actuais para integralos no proxecto. manifesta que acada solucións sensatas co emprego de materiais integradas na paisaxe e respectan os elementos patrimoniais e respectan os protexidos. Presenta un plano de actividades e usos como o deseño do espazo exterior público que promove certas actividades. Diferencia 9 espazos dos cales, os denominados como La Marina e o 8 e o 9 de Caranza dado que exceden do ámbito do prego. La Marina é de titularidade de Autoridade Portuaria de Ferrol e que xa se está executando por parte de dita Administración. E o 8 e o 9 de Caranza exceden do ámbito proposto dado que xa existe conexión coa Avenida do Mar (carril bici, paseo marítimo, espazos verdes, etc). Presenta unhas seccións dos ditos espazos diferenciados con grafismo interesante e atractivo. Achega un apartado de estudio de mobilidade peonil accesible, onde especifica material, sección, seguridade, confort e integración que propón. Tamén a mobilidade alternativa con carril bici e as novas paradas de autobús que propón; así dispón de 4 zonas para o carril bici. Propón revisar as paradas actuais dos autobuses e desparaza algunha para coincidir cos parking disuasorios e habilitar autobuses satélites. No plano de mobilidade rodada describe 4 zonas; A avenida que se corresponde coa Avenida de Esteiro; o vial que propón se compoñe pola rúa Taxonera, Avenida Mac Mahón e Estrada de Caranza; o boulevard (rúa do Rastro, Irmandiños) na que propón un calmado de tráfico; e a travesía que se corresponde coa Avenida do Mar. Propón parkings disuasorios arbolados en Esteiro e un no límite do parque lineal de Caranza (este último fóra do ámbito). Non cuantifica a dita dotación de aparcadoiros disuasorios.

Acompaña a proposta dunhas fotografías do estado actual e infografías da proposta na que se suprime o muro de forma interminente e deixa como acabado no muro preexistente rebaixado a pedar vista sen o correspondente acabado enfusado e pintado (como ordena Patrimonio Cultural nos muros de cachotería).

Destaca a proposta infográfica do Muelle de Curuxeiras próximo ao edificio da Residencia Ixística da Armada que non forma parte do ámbito do Proxecto Ferrol Abrir ao Mar (titularidade de Porto).

Valórase o presente apartado de forma incompleta por exceder do ámbito correspondente ao prego.

Puntuación total do apartado 1 b): **2,5 puntos**

Puntuación total do apartado 1: 7,5 puntos

Para o **Proxecto básico e de execución** fíxase o seguinte:

1' Estudo previo

1' a) Calidade técnica, urbanística e arquitectónica (ata 10 puntos).

Na proposta achegada entende que Abrir Ferrol ao mar non só é un xeito de tirar muros, senón que pretende unificar pavimentos, potenciar o uso e a creación do parque lineal de Caranza, abrindo posibilidades de disfrute da lámina de auga (na actualidade desaproveitada) e vai permitir a chegada universal de persoas ao mar. Así

propón un espazo de longos banco-muros corridos que acoutan espazos e xeran gradas para os diferentes usos por idades.

Considera 3 fachadas moi diversas: a urbana, a periurbana e a verde, cunha linguaxe continua en toda a área de intervención. Nos planos representa a zona manifestada anteriormente (Edificio loxístico da Cortina Muelle Curuxeiras), o cal non forma parte do ámbito do proxecto por non ser de titularidade municipal.

No entanto, destaca a calidade gráfica da proposta para expresar a intencionalidade dos conceptos da súa intervención. Realiza un esquema de ecoloxía (corredor ecolóxico) na que pretende consolidar unha infraestrutura verde. Realiza unhas seccións (de materiais a empregar e de dimensión-calidade do espazo público) adaptados aos diferentes escenarios. Fixa unhas premisas constantes de dimensións de beirarrúas, carril bici e viais rodados, propón aliñacións de árbores onde a sección os permita, incide en garantir a seguridade de todos os tipos de circulación, propón unha paleta de materiais e texturas continuas en toda a intervención con mobiliario identitario e resistente á salinidade mariña.

Faise referencia no axuste da proposta ao establecido no PEPR do barrio da Magdalena, obviando o PXOM así como a normativa sectorial.

Valórase o presente apartado de forma incompleta.

Puntuación total do apartado 1´ a): **5 puntos**

1´ b) Características funcionais (ata 10 puntos).

O licitador entende que é unha solución urbanística funcional adaptada ás necesidades da cidade. Na proposta non só aborda as necesidades da cidade e dos seus residentes senón que pretende reflectir unha imaxe urbana amigable, acolledora e respectuosa co entorno adaptándoa ao diversos requisitos plantexados pola cidade e a oportunidade que representa. Propón a reordenación da circulación rodada e molla da seguridade vial, plantexa potenciar a mobilidade sostible, sitúa a Enseada de Caranza como zona de fomento do deporte e uso recreativo, Pretende reordenar e dar solucións ao aparcamento cara unha mobilidade urbana máis eficiente e sostible e indica que a integración e estética e paisaxística forma parte de todo o proxecto. Neste apartado ten en conta a sustentabilidade tanto nas especies a empregar como nos SUDs. Tamén contempla a durabilidade e mantemento dos materiais empregados na proposta.

A proposta enténdense como correcta e completa.

Puntuación total do apartado 1´ b): **10 puntos**

1´ c) Accesibilidade (ata 5 puntos).

Manifesta que a proposta de basea nos principios de accesibilidade universal. A intencionalidade do proxecto é a plataforma única nos puntos de maior afluencia peonil e que esta premisa se estenderá á toda a intervención. Deste xeito plantexa a creación de espazos aterrizados accesibles na praia de Caranza e colocará elementos urbanos adaptados en toda a intervención. Incide na coordinación das paradas de autobuses cos parkings

disuasorios así como o establecementos de puntos de estacionamento e alugueiro de bicicletas en ditas inmediacións.

Valórase o presente apartado de forma completa.

Puntuación total do apartado 1´ c): **5 puntos**

Puntuación total do apartado 1´ : 20 puntos

Puntuación total dos apartado 1 e 1´: 27,5 puntos

2 MEMORIA METODOLÓXICA (10 puntos)

Detállase a puntuación nos seguintes apartados:

2 a) Descrición da metodoloxía a empregar en relación á redacción do Plan Director (máximo 5 puntos)

Presenta un organigrama do PD cos compoñentes do equipo, a metodoloxía por fases a o diálogo coa Administración. Describe a metodoloxía a empregar na redacción do Plan con 3 apartados: toma de datos (búsqueda e selección de documentos de diferentes fontes, cidadanía e mobilidade) así como un sistema de recompilación de información e necesidades para os usuarios para a súa análise especificando os obxectivos previstos. Por último mostra o esquema organizativo mencionado con anterioridade.

Reflicte o obxectivo xeral, os obxectivos específicos e as estratexias de coordinación cos servizos técnicos municipais. Establece 6 fases para o desenvolvemento do proxecto: Análise e diagnose, proxecto estratéxico, plan de acción, seguimento e monitorización, consulta pública e documento refundido. Describe en detalle ditas fases. Explica o desenvolvemento do plan a súa análise e a presentación do avance do plan que efectuará en 2 fases denominadas tramitación co Concello e Administracións e consulta pública. Remata coa comunicación á cidadanía co PD facendo uso dos medios masivos de información e comunicación.

Así mesmo, manifesta que fai necesario revisar as diferentes normativas que afecten ao ámbito de dito plan dado a súa extensión e os distintos organismos que interveñen.

A proposta enténdense como correcta e completa.

Puntuación total do apartado 2 a): **5 puntos**

2 b) Descrición da metodoloxía a empregar en relación á redacción do Proxecto básico e de execución (máximo 5 puntos)

Establece a realización do proxecto en 3 tramos diferenciados dos cales o tramo 1 e o tramo 3 exceden da intervención tal como se citou con anterioridade. Contempla a participación dunha equipa multidisciplinar composto por diferentes técnicos titulados para obter unha visión global dos problemas e as diferentes formas de enfrontalos. Enumera os diferentes axentes que interveñen (Concello de Ferrol, Ministerio de Defensa, etc) e establece unha serie de obxectivos para desenvolver nos 3 tramos do proxecto. Contempla a accesibilidade



como un esteo na actuación. Mostra un esquema organizativo das persoas e organismo que formarán parte do proceso de redacción do proxecto. Divide as fases de redacción do proxecto en 3: reunión inicial, traballos previos e redacción do proxecto básico e de execución que recollerá os puntos que numeran como traballos xerais e complementarios. O proceso de comunicación do proxecto seguirá as premisas que a comunicación para o PD posto que ten a vantaxe de que xa conta coa cidadanía implicada e avisada da existencia do proxecto.

A proposta enténdense como correcta e completa.

Puntuación total do apartado 2 b): **5 puntos**

Puntuación total do apartado 2: 10 puntos

PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 2 (UTE) DÍAZ Y DÍAZ ARQUITECTOS SLP- MARÍA FANDIÑO IGLESIAS: 37,5 puntos

(UTE) EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. - VÁZQUEZ CALATAYUD ARQUITECTOS, S.L.P.

Así fíxase o seguinte para o **Plan Director**:

1 Estudio previo cun grao de definición mínimo que permita valorar a Calidade da análise e definición de misión, visión, valores e participación cidadana Abrir Ferrol ao mar **(ata 10 puntos)**.

1 a) Análise, planificación e cronograma estimativo da proposta (ata 5 puntos).

Na proposta establece tres tramos:

Tramo 1 entorno de Arsenal Ferrol Vello e A Magdalena.

Tramo 2 entorno do Arsenal e asteleiro con Esteiro

Tramo 3 Caranza e Telleiras.

Non entanto, na análise, planificación e programa o licitador non ten en conta o ámbito que abrangue dende a Porta Antiga de Bazán da Avenida de Mac Mahón e a continuación coa Avenida de Esteiro co entronque con Caranza para o plano do tráfico rodado. Ámbito que claramente viña definido no prego.

O grao de definición permite valorar a calidade da análise da proposta do Plan Director do licitador; así a planificación e o cronograma está ben estudado e adáptase aos prazos fixados polo prego nas diferentes etapas de realización da redacción do Plan Director.

Non entanto, na proposta do trazado para o carril bici se reflicte unha conexión entre barrios, zona universitaria de Esteiro e zona universitaria de Serantes, no que cabe destacar que xa non existe a zona de Serantes como

univeristaria nin tampouco é obxecto do presente prego. Reordena a mobilidade do campus de Esteiro como proposta interesante pero esquece o tramo de Mac Mahón ata Caranza.

En canto a reestructuración do tráfico rodado proxecta unha rotonda na intersección das rúas Fernando VI, Avenida de Esteiro e rúa Zurbarán no entorno da Praza das Angustias; a partir da rotonda dispónse un carril con dobre sentido que enlaza ata o entronque da rúa Taxonera con Irmandiños. Modifica o sentido da rúa Igrexa no entorno do edificio de Correos e do teatro Jofre ata a Costa de Mella. Diseñando un único sentido de circulación na Avenida de Irmandiños desde ese punto ata o Teatro Jofre. Non mellora a seguridade nin a mobilidade da zona coa proposta de intervención nos sentidos circulatorios rodados.

Engande á infraestrutura verde existente no entorno do museo da construción Naval, na Porta do Dique, na Praza de Galicia e no entorno da Concatedral de San Xiao.

Plantea actuacións interesantes en edificios de titularidade non municipal: Recuperación de Porto Chico (polo de actividades), recuperación do espazo do Dique da Campana (actividades cívicas, ocio e lecer, relacionadas coa auga e a música). Grafíase un espazo de actividades de lecer na enseada de Caranza.

Implantación de prazas de aparcamento tipo zona verde: no fronte de Bazán (non ten enconta o convenio do Concello con Bazán para a incorporación de espazo de aparcamento), no fronte das vivendas da estrada de circunvalación de Esteiro e no Cuarteirón 1008 e tamén non espazo destinado a Praza nas Telleiras enfronte ao Auditorio. Parece desacertado incorporar como zona de aparcamento a Alameda do carbón no entorno de Ferrol Vello cando están próximos os parkings soterrados. Ademais incorpora unha zona de aparcamento de titularidade non municipal na Escola de Especialidades da Armada "Antonio de Escaño".

Fixa os DAFO distinguindo as debilidades, fortalezas, ameazas e oportunidades segundo estudia na súa proposta e adáptase á cidade de Ferrol.

Valórase o presente apartado de forma incompleta e por exceder do ámbito.

Puntuación total do apartado 1 a): 2,5 puntos

1 b) Memoria expositiva gráfica (ata 5 puntos).

Claramente falta por incorporar o tramo que abrangue dende a Porta Antiga de Bazán da Avenida de Mac Mahón e a continuación coa Avenida de Esteiro co entronque con Caranza no plano de estudio do tráfico rodado. Ámbito que está definido no prego para que o proxecto Abrir Ferrol Ao Mar teña continuidade. Presenta unha proposta de intencións acorde coa memoria expositiva xa exposta no apartado anterior. Pouco entendible e de forma excesivamente esquemática plantexa todos os planos obxecto do presente prego: mobilidade sostible, estruturación do tráfico rodado, naturalización dos espazos urbanos, actuación nos espazos, elementos e equipamentos urbanos. Ante o exposto valórase o presente apartado de forma incompleta.

Puntuación total do apartado 1 b): 2,5 puntos

Puntuación total do apartado 1: 5 puntos

Para o **Proxecto básico e de execución** fíxase o seguinte:

1´ Estudo previo

1´ a) Calidade técnica, urbanística e arquitectónica (ata 10 puntos).

Analiza historicamente o ámbito de forma breve e explica os obxectivos xerais da súa proposta para Abrir Ferrol ao Mar por ámbitos e tramos.

Carece de memoria específica que defina a calidade técnica, urbanística e arquitectónica. Baséase na utilización de materiais e sistemas sostibles. En canto á calidade arquitectónica define de forma global a intervención en puntos estratéxicos e propón un avance a través dos planos que acompaña dita reflexión.

Non xustifica o axuste da proposta ao contido urbanístico existente no PXOM nin na normativa sectorial das actuacións.

Define nos planos en maior detalle un avance da súa proposta que se basea principalmente no sistema verde como infraestrutura como elemento de unión e relación.

Valórase o presente apartado de forma incompleta.

Puntuación total do apartado 1´ a): **5 puntos**

1´ b) Características funcionais (ata 10 puntos).

Así no tramo 1 Entorno do Arsenal, Ferrol Vello e A Magdalena propón reducir so espazos do ámbito rodado a único carril. Prescinde na rotonda do Monumento á Victoria, redefina a sección da Avenida Irmandiños e propón potenciar o transporte público e mobilidades brandas e favorecer a mobilidade peonil conectando espazos verdes, zonas de lecer e equipamentos e servizos. Propón a substitución do actual edificio de mercado de abastos co fin de convertelo nun equipamento multifuncional. Destaca a redacción confusa e incongruente respecto á proposta de recuperación e recuperación de espazos urbanos, na actualidade colonizados polo automóbil, e propón destinar a aparcadoiro a praza de Galicia, Porta do Dique e Xardín Botánico posto que o redactor considera que son espazos con menor atractivo (non coincide coa documentación gráfica). Plantexa sistemas SUDS e pavimentos permeables.

Propón espazos que pertencen á Defensa para a súa incorporación ao uso público (Muelle Chico e Dique da Campana). Ditos espazos están fóra do ámbito das bases por non ser de titularidade pública municipal.

Mellora a accesibilidade entre a Alameda e o Museo Naval e os espazos asociados ao mesmo realizando unha conexión de continuidade coa Alameda.

No tramo 2 Entorno entre Avenida de Irmandiños e ao longo da Avenida de Mac Mahón ata a porta dos Asteleiros. Non define a continuidade entre este tramo, o cal daría continuidade ata ás Telleiras.

Propón a mellora de accesibilidade. Ordena aparcamentos en terreos do entorno da Avenida de Mac Mahón das que non temos titularidade municipal. Non cuantifica dita dotación.

Deste modo no tramo 3 Telleiras entre Avenida de Esteiro e Avenida do Mar reestrutura o sistema de circulación rodada con unha proposta interesante de reducir a un único carril de sentido ao tráfico rodado nas Telleiras e dota de espazo verde, peonil e para a mobilidade en bicicleta. Ordena os aparcadoiros na rúa Telleiras anexionando un espazo que actualmente está destinado ao aparcadoiro da Escola de especialidades "Antonio de Escaño". Incorpora o espazo de praza enfronte ao auditorio como aparcadoiro disuasorio. Tampouco cuantifica o número de prazas. Transforma a ensenada de Caranza nun ámbito de lecer e actividades deportivas acuáticas.

Puntuación total do apartado 1´ b): **10 puntos**

1´ c) Accesibilidade (ata 5 puntos).

Responde á proposta de forma xenérica e volve a incidir na renovación do mercado de abastos para dar resposta á accesibilidade. Valórase o presente apartado de forma incompleta.

Puntuación total do apartado 1´ c): **2,5 puntos**

Puntuación total do apartado 1´: 17,5 puntos

Puntuación total dos apartado 1 e 1´: 22,5 puntos

2 MEMORIA METODOLÓXICA (10 puntos)

Detállase a puntuación nos seguintes apartados:

2.a) Descrición da metodoloxía a empregar en relación á redacción do Plan Director (máximo 5 puntos)

Parte 1: describe a metodoloxía a empregar revisando o marco normativo de referencia, a relación con outros plans e programas e a información base do traballo a realizar. Contempla a normativa estatal e autonómica de accesibilidade e espazos públicos urbanizados; pero non especifica a normativa propia do Concello (PXOM, PEPR do barrio da Magdalena...) de gran importancia para o cumprimento dos documentos a redactar.

Na parte 2 describe a análise e o diagnose das áreas de traballo que as fai corresponder coa información da base de traballo obtida na parte 1, traballo de campo e visualización e análise dos datos urbanos en SIX. Non precisa as distintas ferramentas do traballo de campo que van a diagnosticar a situación actual en relación coa mobilidade e calidade dos ámbitos propostos para o estudo. Describe os formularios que forman parte das fichas de recollida de datos e aclara que ditos datos e fotografías se envorcarán no sistema SIX. Enumera unha os elementos que ao seu xuízo presentan maiores condicionantes para a mobilidade universal integradora; en especial os relacionados cos itinerarios peonís e a integración da paisaxe.

Indican como se visualizan os datos a través das fichas en formato SIX propoñendo o programa QGIS (libre) para a dita visualización e análise. Describe os formatos da achega de información e as súas táboas asociadas. Identifica de forma xenérica os elementos estruturantes das asociados ás áreas de traballo.



Distingue as propostas de actuacións de carácter xeral e local en 3 prioridades de actuación: alta, media e baixa. Aínda que se tratan de forma xenérica sen entrar en detalles. Manifesta que as fichas incluirán a xustificación das actuacións na xeración do modelo urbano social accesible incorporando diversos datos.

Fixa un plan de etapas acoutando a súa entrega en 2 meses dende a firma da acta de inicio da prestación.

Establece contactos participativos con movementos e institucións asociados ao obxecto do PD. Manifestan que se usarían outros procesos de participación xa realizados na cidade e manterían reunións técnicas co colectivos e cidadanía. Non nomea como se establece a comunicación cos servizos técnicos municipais.

Ten en conta a perspectiva de xénero, desprazamentos cotiáns así como a percepción da seguridade.

Se establece una priorización das actuacións no plan de etapas de forma resumida tendo en conta diversos factores para a continuación elaborar o programa de implantación das medidas recollidas. Existe una incongruencia da proposta de fontes de financiación co prego e as circunstancias reais. Existe un Convenio asinado coa Xunta de Galicia. Axencia Galega de Infraestruturas tal como se describe no DESGLOSE ESTIMADO DE GASTO POR ANUALIDADES.

Valórase o presente apartado de forma incompleta.

Puntuación total do apartado 2 a): **2,5 puntos**

2 b) Descrición da metodoloxía a empregar en relación á redacción do Proxecto básico e de execución (máximo 5 puntos)

Define un primeiro apartado no que contempla a redacción dun proxecto básico con unha serie de anexos á memoria que enumera. Logo describe o documento do proxecto de execución coa composición de documentación xenérica que responde a este documento. En ningún momento se refire expresamente a cal sería o sistema de coordinación cos servizos técnicos municipais; nin se farán esta coordinación esencial para levar a cabo en bo termo o proxecto. Non manifesta a comunicación cos organismos afectados así como as autorizacións preceptivas e a súa incidencia na normativa sectorial e propia do Concello de Ferrol (PXOM, PEPR do barrio da Magdalena, etc).

Valórase o presente apartado de forma incompleta.

Puntuación total do apartado 2 a): **2,5 puntos**

Puntuación total do apartado 2: 5 puntos

PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 2 (UTE) EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. - VÁZQUEZ CALATAYUD ARQUITECTOS, S.L.P. : 27,5 puntos



A PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 2 É A SEGUINTE:

(UTE) G.O.C., S.A. - IAGO SEARA MORALES - JUAN OROZCO CORREDOIRA : 17,5 puntos

PROYFE, S.L. : 45 puntos

(UTE) DÍAZ Y DÍAZ ARQUITECTOS SLP- MARÍA FANDIÑO IGLESIAS: 37,5 puntos

(UTE) EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.-VÁZQUEZ CALATAYUD ARQUITECTOS, S.L.P.: 27,5 puntos

Ferrol, na data da sinatura dixital

A arquitecta municipal

María José González Novo